

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D2COM000100 - Actividades comerciais	A		
Módulo				
MP1227 - Xestión dun pequeno comercio (2º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesiões semanais	Horas anuais	Duración Sesiões	Sesiões anuais	Sesiões centro
9	248	50	298	155

Profesorado responsable

Docentes
Orosa Peteira, Antonio José

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	15
Criterios de cualificación e recuperación	15
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	17
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	18
Programación da educación en valores.	18
Actividades complementarias e extraescolares.	18
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	18
Outros apartados.	19

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O entorno produtivo de Marín está relacionado co mar e está condicionado pola súa situación como entrada da comarca do Morrazo (Bueu, Moaña, Cangas) e a proximidade á capital da provincia: Pontevedra.

As empresas radicadas no concello realizan actividades extractivas, conxeados de peixes e mariscos, venda e transformación do produto, loxística... e outras; Ademais hai empresas complementarias, e outras do sector servizos: supermercados, tendas, talleres, etc

O currículo está integrado no sector produtivo citado, pois contempla as actividades e procesos máis comúns no ámbito funcional da empresa. Neste senso, esta programación adecúase a estas necesidades do entorno produtivo e permite formar profesionais cos coñecementos adecuados.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	A empresa	Concepto de empresa e empresario. Elementos da empresa. Clases. Funcións. Clasificación. Relación co entorno. A idea de negocio. Plan de negocio. Normativa aplicable aos pequenos comercios. Orientación e asesoramento a pequenos comercios	11	17
2	A forma xurídica da empresa	A forma xurídica da empresa. Factores a considerar. Empresas sen personalidade xurídica propia. Empresas con personalidade xurídica propia	9	14
3	Trámites para a creación dunha empresa	Trámites para empresas con forma xurídica de empresario individual. Trámites para empresas con forma xurídica de sociedade limitada. Creación telemática da empresa	8	12
4	A financiación da empresa	A financiación da empresa. Fontes de financiación propias e alleas. Determinación das necesidades de financiación para a apertura do negocio. Formas de adquisición do local comercial.	13	20
5	Xestión económica e tesourería no pequeno comercio(I)	Técnicas de previsión de demanda. Elaboración de presupostos. Cálculo do precio de venda. Umbral de rendibilidade.	8	12
6	Xestión económica e tesorería no pequeno comercio(II)	Avaliación de investimentos e cálculo de rendibilidade. Período medio de maduración. Análise económico-financieiro do establecemento comercial: ratios financeiros de liquidez e endebedamento e ratios económicos.	8	12
7	Obrigacións fiscais no establecemento comercial	Difrentes tipos de tributos. Imposto de actividades económicas. A xestión do IVE Os rexímenes de tributación. Recargo de equivalencia. IRPF. Modalidades de tributación. Impuesto de sociedades e a súa tributación.	9	14
8	A xestión dos recursos humanos.	Inscripción á seguridade social de altas e baixas de empresa. Afiliación, altas e baixas á Seguridade Social dos traballadores. Nómina e boletíns de cotización á Seguridade Social. O rexime de cotización á Seguridade Social dos traballadores autónomos	8	13
9	Documentos de compraventa, de cobro e de pago	Factura: convencional e electrónica. O cheque. A transferencia bancaria. A letra e o pagaré. Medios de	10	15

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
9	Documentos de compraventa, de cobro e de pago	pago electrónico. Cálculo dos custos de negociación de efectos comerciais	10	15
10	A contabilidade	Patrimonio da empresa. Balance de situación. Contas patrimoniais de regularización. Libros contables e de rexistro.A conta de perdas e ganancias.O ciclo contable.O plan xeral de contabilidade para as pymes. As contas anuais	13	20
11	A calidade do servizo ao cliente	O servizo de calidade e o código de boas prácticas. Instrumentos para medir a calidade e a satisfacción do cliente.A normativa que afecta ao comercio ao por menor. O plan de xestión de incidencias e o de calidade. Normas de protección ao consumidor	3	6

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	A empresa	17

Craterios de avaliación
RA1 - Obtén información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre a contorna de actuación e incorporando valores éticos.
CA1.1 - Considerouse o concepto de cultura emprendedora, valorando a súa importancia como fonte de creación de emprego e de benestar social
CA1.2 - Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora
CA1.3 - Describíronse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral
CA1.4 - Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial
CA1.5 - Identificáronse prácticas empresariais que incorporen valores éticos, sociais e de respecto polo ambiente
CA1.6 - Identificáronse os principais elementos do contorno xeral da empresa, analizando factores económicos, sociais, demográficos, culturais, tecnolóxicos, ambientais e político-legais
CA1.7 - Describíronse os factores do microcontorno da empresa, analizando a competencia, provedores/as, subministradores/as e intermediarios/as, e as institucións que regulan e/ou inflúen no comercio interior
CA1.8 - Identificáronse as vantaxes e as fortalezas do comercio de proximidade tradicional fronte ás grandes superficies e outras formas de distribución retailista
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.
CA3.1 - Establecéronse a situación e as características da tenda en función da densidade, a diversidade e a accesibilidade da súa zona de influencia, o tipo de clientela e os seus hábitos de compra, os produtos que se vaian

Criterios de avaliación
comercializar, etc
CA3.2 - Identificáronse as fortalezas e debilidades persoais, e as oportunidades e ameazas do contorno, mediante a correspondente análise DAFO
CA3.3 - Definiuse a oferta comercial ou variedade de produtos, en función das oportunidades de negocio, o perfil da clientela, as tendencias do mercado, a competencia da zona de influencia, etc

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Obtención de información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa
A empresa: concepto e elementos.
Funcións básicas da empresa.
A empresa e a persoa empresaria.
Clasificación das empresas atendendo a distintos criterios.
Características das pequenas e medianas empresas (PME).
Factores claves das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade e formación.
Plan de empresa: idea de negocio.
Análise do contorno xeral e específico dunha pequena empresa.
Relacións da PME co seu contorno.
Relacións da PME co conxunto da sociedade.
Institucións e organismos competentes en comercio interior.
Características do pequeno comercio de proximidade.
Organismos e entidades públicas e privadas que proporcionan información e orientación a pequenos comercios.
BC3 - Elaboración dun proxecto de creación dun pequeno comercio
Análise do macrocontorno da empresa.
Análise do mercado e o contorno comercial: situación, accesibilidade e proximidade á clientela, zona de influencia, perfil da clientela e competencia.
Métodos e técnicas para seleccionar a situación do local comercial.
Análise interna e externa da empresa: análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).
Estudo da poboación consumidora e da clientela.
Definición das características da tenda.

Contidos
Definición da oferta comercial ou variedade de produtos.
Prezos de venda dos produtos: lista de prezos de venda ao público.
Elaboración do plan de empresa no que se inclúa o plan de investimentos básico, con indicación dos recursos financeiros necesarios e o estudo de viabilidade económico-financieira do comercio (contas básicas de resultados a partir da previsión de ingresos, custos e gastos, marxes e resultados).

UD	Título da UD	Duración
2	A forma xurídica da empresa	14

Criterios de avaliación
RA2 - Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se esixen para a súa creación e posta en marcha, aplicando a normativa mercantil, laboral e fiscal.
CA2.1 - Identificáronse as formas xurídicas que pode adoptar unha pequena empresa, analizando características, capital social, número, obrigas formais e responsabilidade dos/as socios/as, etc
CA2.2 - Calculáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados das distintas formas xurídicas, consultando a lexislación.
CA2.3 - Obtívose información sobre posibles axudas e subvencións para a creación dunha empresa, identificando os requisitos e os trámites que cumpra realizar
CA2.4 - Seleccionouse a forma xurídica máis axeitada, a partir dun estudo comparativo, valorando os custos, os trámites e as obrigas xurídicas, así como a responsabilidade dos/as socios/as
CA2.5 - Consultouse a normativa estatal, autonómica e local que regula e/ou afecta o pequeno comercio

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Determinación da forma xurídica da empresa e os trámites para a súa creación e posta en marcha
Empresa individual: responsabilidade xurídica e obrigas formais.
Sociedade mercantil: tipos de sociedades.
Sociedade anónima.
Sociedade de responsabilidade limitada.
Sociedades laborais: anónima e limitada.
Outras sociedades mercantís.
Sociedades cooperativas.

Contidos
Sociedades civís e comunidades de bens.
Selección da forma xurídica axeitada para un pequeno comercio.

UD	Título da UD	Duración
3	Trámites para a creación dunha empresa	12

Criterios de avaliación
RA2 - Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se esixen para a súa creación e posta en marcha, aplicando a normativa mercantil, laboral e fiscal.
CA2.6 - Determináronse os trámites administrativos e xurídicos, as autorizacións e as licenzas que se requiren para a apertura e a posta en marcha do comercio, así como os organismos onde se xestionan e/ou tramitan
CA2.8 - Formalizouse a documentación que se require para a creación e a posta en marcha da empresa

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Determinación da forma xurídica da empresa e os trámites para a súa creación e posta en marcha
Constitución da empresa: requisitos e obrigas formais.
Trámites que se deben realizar para a posta en marcha da empresa.
Portelo único empresarial. PAE electrónico.
Obrigas fiscais e laborais da empresa.
Subvencións oficiais e axudas para a constitución e apertura da empresa.

UD	Título da UD	Duración
4	A financiación da empresa	20

Criterios de avaliación
RA4 - Elabora un plan de investimentos básico, identificando os activos fixos que se requiren, a súa forma de adquisición e os recursos financeiros necesarios, en función das características da tenda e dos produtos que se vaian comercializar.
CA4.3 - Determinouse o xeito de adquisición do local, avaliando as modalidades de compravenda, traspaso ou alugamento, a partir da análise de custos, dereitos e obrigas de cada modalidade

Criterios de avaliación
CA4.4 - Obtívose información sobre servizos bancarios e formas de financiamento dos investimentos e demais operacións, analizando o procedemento, a documentación, os requisitos e as garantías exixidas para obter un crédito ou un préstamo bancario
CA4.5 - Valoráronse as opcións de leasing e renting para a adquisición dos equipamentos, calculando os custos e analizando os requisitos e as garantías exixidas
CA4.6 - Seleccíonouse a forma de obtención e de financiamento dos equipamentos e das instalacións da tenda, avaliando os custos e os riscos
CA4.7 - Seleccíonáronse as pólizas de seguros axeitadas, en función das coberturas necesarias, segundo as continxencias e as exixencias legais da actividade

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Elaboración dun plan de investimentos básico
Estrutura económica e estrutura financeira da empresa.
Fontes de financiamento propio e alleo, interno e externo.
Determinación das necesidades de investimento para a apertura da tenda.
Subvencións oficiais e axudas financeiras á actividade dunha pequena ou mediana empresa (PME).
Decisión de compra ou alugamento do local e outros activos.
Procura de subministradores/as e solicitude de ofertas e orzamentos.
Orzamentos e condicións de compra e/ou alugamento.
Selección do/a subministrador/ora máis conveniente.
Financiamento a longo prazo: préstamos, leasing, renting e outras formas de financiamento. Xuros, comisións e outros gastos.
Financiamento a curto prazo: créditos comerciais e adiamento de pagamento, créditos bancarios, negociación de efectos comerciais. Xuros e gastos.
Cálculo dos custos financeiros.

UD	Título da UD	Duración
5	Xestión económica e tesourería no pequeno comercio(i)	12

Criterios de avaliación
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.

Criterios de avaliación
CA3.4 - Inclúese un plan de inversións básico que recolla os activos fixos necesarios, a forma de adquisición e o financiamento destes.
CA3.5 - Elaborouse unha lista de prezos dos produtos, aplicando os criterios de fixación de prezos establecidos
CA3.6 - Inclúese un estudo de viabilidade económica e financeira do comercio, elaborando unha conta de resultados básica para dous exercicios, a partir da estimación de ingresos, gastos e custos previstos, e recursos financeiros necesarios, e calculando razóns económico-financieras

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Planificación da xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio
Previsión da demanda.
Previsión de ingresos e gastos.
Elaboración de orzamentos.
Fixación dos prezos de venda atendendo a distintos criterios.
Cálculo dos prezos de venda en función dos custos, a marxe comercial, etc.
Cálculo do punto morto ou limiar de rendibilidade.

UD	Título da UD	Duración
6	Xestión económica e tesorería no pequeno comercio(II)	12

Criterios de avaliación
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.
CA3.8 - Valorouse a conveniencia de aplicar innovacións tecnolóxicas e de acudir a accións formativas, analizando os puntos débiles e a relación entre custo e beneficio esperado, no relativo á viabilidade e á sostibilidade do negocio
CA3.9 - Estudouse a posibilidade de comercialización en liña e doutros xeitos de venda a distancia, calculando o seu custo e tendo en conta as características dos produtos, o impacto esperado e os usos e as prácticas do sector
RA4 - Elabora un plan de investimentos básico, identificando os activos fixos que se requiren, a súa forma de adquisición e os recursos financeiros necesarios, en función das características da tenda e dos produtos que se vaian comercializar.
CA4.1 - Determináronse as necesidades da tenda, local, moblaxe, equipamentos, sistema de cobramento, terminal punto de venda etc., en función da idea de negocio, o tipo de clientela e os produtos e servizos que cumpra prestar á clientela.
CA4.2 - Obtívose información sobre posibles axudas e subvencións para a compra do equipamento da tenda, e identificáronse os organismos onde se tramitan

Criterios de avaliación
RA5 - Planifica a xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio, establecendo o sistema de fixación de prezos que garanta a súa rendibilidade e a súa sostibilidade no tempo.
CA5.1 - Estableceuse o sistema de fixación dos prezos de venda en función dos custos, a marxe de beneficios, os impostos sobre o consumo, o ciclo de vida do produto, os prezos da competencia, a diferenciación do produto, a percepción do valor da clientela, etc
CA5.2 - Realizáronse previsións da demanda e os ingresos por vendas, e dos custos e gastos previstos, a partir dos datos obtidos de fontes externas que facilitan información económica do sector e doutros comercios similares
CA5.3 - Establecéronse prazos, forma e medios de pagamento, descontos e facilidades de pagamento á clientela, en función da capacidade financeira da empresa, as características do produto, o tipo de clientela e os usos e as prácticas do sector
CA5.4 - Elaborouse o calendario de cobramentos e pagamentos previstos, en función das necesidades, os compromisos e as obrigas de pagamento do pequeno comercio, e asegurando a dispoñibilidade de efectivo na caixa diariamente
CA5.5 - Previuse o sistema para comprobar periodicamente e sistematicamente a liquidez da tenda, axustando os compromisos de pagamento e as estimacións de cobramento
CA5.6 - Calculáronse os custos financeiros e os riscos de xestión de cobramento e de negociación de efectos comerciais
CA5.8 - Definiuse o procedemento de valoración sistemática da actividade económica e financeira do comercio, calculando razóns de rendibilidade, solvencia, endebedamento e liquidez, para detectar e corraxir posibles desaxustes

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Planificación da xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio
Avaliación de investimentos e cálculo da rendibilidade.
Período medio de maduración.
Técnicas de control de fluxos de tesouraría e liquidez.
Análise da información contable e económico-financiera da empresa.
Análise da viabilidade e da sustentabilidade económico-financiera da empresa.
Cálculo e interpretación de razóns económico-financieras básicas: rendibilidade, liquidez, solvencia e endebedamento.

UD	Título da UD	Duración
7	Obrigacións fiscais no establecemento comercial	14

Criterios de avaliación
RA6 - Xestiona a documentación comercial e de cobramento e pagamento derivada da compravenda dos produtos e/ou servizos prestados, respectando a normativa mercantil e fiscal.

Criterios de avaliación
CA6.2 - Interpretouse a normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos
RA7 - Xestiona o proceso administrativo, contable e fiscal da empresa, aplicando a lexislación mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable para as PEME.
CA7.6 - Formalizáronse as declaracións-liquidacións periódicas do imposto sobre o valor engadido, en función do réxime de tributación elixido.
CA7.7 - Determináronse as obrigas fiscais derivadas dos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa (IRPF e imposto de sociedades)

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Xestión do proceso administrativo, contable e fiscal da empresa
Sistema tributario español. Impostos directos e indirectos.
Obrigas fiscais do pequeno comercio. Calendario fiscal.
Xestión do imposto sobre o valor engadido (IVE). Réximes de tributación.
Declaración-liquidación do IVE.
Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Modalidades de tributación.
Imposto de sociedades. Modalidades de tributación.
Outros impostos e tributos que afectan o pequeno comercio.

UD	Título da UD	Duración
8	A xestión dos recursos humanos.	13

Criterios de avaliación
RA1 - Obtén información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre a contorna de actuación e incorporando valores éticos.
CA1.9 - Identificáronse os organismos públicos e privados que proporcionan información, orientación e asesoramento a pequenos comercios, e describíronse os servizos que prestan e os recursos dispoñibles en liña
RA2 - Determina a forma xurídica da empresa e os trámites que se esixen para a súa creación e posta en marcha, aplicando a normativa mercantil, laboral e fiscal.
CA2.7 - Identificáronse as obrigas mercantís, laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.
RA3 - Elabora un proxecto de creación dun pequeno comercio, delimitando as súas características e incluíndo un estudo de viabilidade para a posta en marcha e a sostibilidade deste.

Criterios de avaliación
CA3.7 - Valorouse a posibilidade de contratar persoal en función das características e as necesidades do comercio, calculando os custos e definindo as funcións que haxa que cubrir, o perfil das persoas candidatas e o procedemento de selección
RA5 - Planifica a xestión económica e a tesouraría do pequeno comercio, establecendo o sistema de fixación de prezos que garanta a súa rendibilidade e a súa sostibilidade no tempo.
CA5.7 - Calculáronse os custos de persoal e seguridade social a cargo da empresa

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Xestión do proceso administrativo, contable e fiscal da empresa
Xestión laboral no pequeno comercio. Altas e baixas de traballadores/as, nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social.
Réxime de cotización á Seguridade Social de traballadores/as autónomos/as.

UD	Título da UD	Duración
9	Documentos de compraventa, de cobro e de pago	15

Criterios de avaliación
RA6 - Xestiona a documentación comercial e de cobramento e pagamento derivada da compravenda dos produtos e/ou servizos prestados, respectando a normativa mercantil e fiscal.
CA6.1 - Interpretouse a normativa mercantil e fiscal, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e servizos, incluíndo a facturación electrónica
CA6.3 - Elaboráronse facturas correspondentes ás operacións de compravenda e/ou prestación de servizos, de acordo coa normativa mercantil e fiscal, e cos usos do comercio, utilizando ferramentas informáticas
CA6.4 - Realizouse o rexistro periódico das facturas emitidas e recibidas que exige a normativa do IVE
CA6.5 - Formalizáronse e xestionáronse os documentos correspondentes a cada medio de pagamento e cobramento das operacións da empresa.
CA6.6 - Preparáronse remesas de efectos comerciais para o seu envío ás entidades bancarias en xestión de cobramento ou para a súa negociación e o seu desconto
CA6.7 - Elaboráronse facturas de negociación de efectos comerciais

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Xestión da documentación comercial e de cobramento e pagamento
Facturación das vendas: características, requisitos legais e tipos de facturas.
Formalización e expedición de facturas comerciais.
Fiscalidade das operacións de venda e prestación de servizos. Imposto sobre o valor engadido (IVE): operacións gravadas; repercusión do IVE; tipos de gravame; recarga de equivalencia.
Rexistro e conservación de facturas segundo a normativa mercantil e fiscal.
Medios e documentos de pagamento e cobramento: cheque, transferencia bancaria, recibo normalizado, letra de cambio e obriga de pagamento, e medios de pagamento electrónicos.
Xestión de cobramento de efectos comerciais.
Negociación e desconto de efectos comerciais.
Cálculo dos custos de negociación de efectos comerciais.

UD	Título da UD	Duración
10	A contabilidade	20

Criterios de avaliación
RA7 - Xestiona o proceso administrativo, contable e fiscal da empresa, aplicando a lexislación mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan xeral contable para as PEME.
CA7.1 - Identificáronse as funcións da contabilidade e os libros obrigatorios e voluntarios que debe levar a empresa.
CA7.2 - Diferenciáronse as partidas do balance (activo, pasivo e patrimonio neto), analizando as súas características e a relación funcional
CA7.3 - Rexistráronse as operacións realizadas, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do Plan xeral contable para PEME, utilizando a aplicación informática dispoñible.
CA7.4 - Calculouse a amortización dos elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e co Plan xeral contable para as PEME.
CA7.5 - Calculouse o resultado do exercicio e elaboráronse as contas anuais, de acordo co Plan xeral contable para as PEME.
CA7.8 - Valorouse a posibilidade de utilizar asesoramento externo de carácter laboral, fiscal e/ou contable, en función das características da empresa

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Xestión do proceso administrativo, contable e fiscal da empresa

Contidos
Contabilidade da empresa.
Patrimonio da empresa: activo, pasivo e patrimonio neto.
Balance. Partidas que o integran e relación funcional entre elas.
Contas.
Conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.
Libros contables e de rexistro.
Plan Xeral Contable para as pequenas e medianas empresas.
Rexistro das operacións. Ciclo contable.
Resultado do exercicio.
Contas anuais.
Manexo dun paquete integrado de xestión comercial e contable.

UD	Título da UD	Duración
11	A calidade do servizo ao cliente	6

Criterios de avaliación
RA8 - Elabora un plan para a implantación dun servizo de calidade e proximidade con atención personalizada á clientela, potenciando a singularidade e a competitividade do comercio.
CA8.1 - Adaptáronse as características da tenda aos sistemas normalizados de calidade e aos códigos de boas prácticas aplicables ao pequeno comercio, de carácter comunitario, estatal, autonómico e local
CA8.2 - Definíronse as pautas de atención á clientela, aplicando criterios de calidade, cortesía e trato personalizado, de acordo co establecido na norma UNE 175001-1 (calidade de servizo para o pequeno comercio) e noutras normas
CA8.3 - Establecéronse os servizos adicionais á venda propios do servizo de proximidade (envío a domicilio e servizos posvenda) segundo as características da tenda, as demandas da clientela e os usos do sector, e valorouse o seu custo e a súa efectividade
CA8.4 - Fixáronse os horarios e o calendario de apertura da tenda, os períodos de rebaixas e promocións e outros aspectos de funcionamento, respectando a normativa local e os usos e costumes do comercio retalista.
CA8.5 - Deseñouse un sistema actualizado de información e prezos dos produtos accesible ao/á consumidor/a, garantindo a correspondencia entre os prezos marcados nas etiquetas e os rexistrados na aplicación do TPV.
CA8.6 - Fixouse o procedemento de xestión de incidencias, queixas e reclamacións que garanta un servizo de calidade e o cumprimento da normativa de protección do/da consumidor/a.
CA8.7 - Estableceuse o procedemento para comprobar o mantemento das instalacións e a funcionalidade da variedade de produtos expostos, aplicando criterios comerciais e de seguridade en materia de prevención de riscos
CA8.8 - Mantivéronse actualizadas as bases de datos da clientela, garantindo a súa confidencialidade e o respecto pola normativa de protección de datos

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - Elaboración dun plan para a implantación dun servizo de calidade e proximidade
Características do servizo de calidade nun pequeno comercio.
Normas de calidade e códigos de boas prácticas en pequenos comercios.
Estratexias de calidade na atención á clientela en pequenos comercios.
Servizos adicionais á venda en pequenos establecementos.
Instrumentos para medir a calidade.
Normativa de ámbito estatal, autonómico e local que afecta o comercio polo miúdo.
Ferramentas informáticas de xestión das relacións coa clientela.
Plan de xestión de incidencias, queixas e reclamacións no comercio.
Instrumentos para medir o grao de satisfacción da clientela.
Normativa de protección das persoas consumidoras aplicada a pequenos comercios.
Técnicas para comprobar o mantemento das instalacións e a exposición de produtos na tenda, aplicando criterios comerciais e de seguridade.
Plan de calidade do pequeno comercio.

Procedemento de avaliación inicial.

Nos primeiros días do comezo do curso realizarase un cuestionario co que se intentará saber o nivel acadado polos alumnos, o coñecemento previo do módulo, o seu interese por este ciclo, expectativas laborais,.....Os resultados recolleranse nun informe que se achegará ao titor do ciclo na sesión de avaliación inicial na cal poderá ser debatido e comentado co resto do equipo docente.

O grupo de 2º do Ciclo Medio de Actividades Comerciais e coñecido polos profesores que lle impartiron clase o curso anterior, en 1º. No curso 2025-26 a avaliación inicial de 2º do ciclo medio de actividades comerciais terá lugar o martes 7 de outubro de 19.30 a 20 h.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

Cómpre indicar que de acordo co dito no módulo obxecto da presente programación realizárase a avaliación ao longo de todo o proceso formativo do alumnado tendo un carácter continuo. Comezaremos coa avaliación inicial dos alumnos ,as avaliacións parciais e a avaliación final .

AVALIACIÓNS PARCIAIS

No curso actual 2025-26 teremos 2 sesións de avaliación (nos dous primeiros trimestres). A primeira abrangue dende comezo do curso ata o 17 de decembro de 2025 e a segunda dende o 8 de xaneiro de 2026 ata o 2 de marzo de 2026.

Na Primeira avaliación realizaranse dous exames.Cada un deles consta de contidos teóricos e contidos prácticos de xeito que en cada un deles as preguntas reflectirán as ponderacións sinaladas nesta programación.O primeiro exame comprenderá as unidades didácticas 1 e 2 e 3 e o segundo exame as unidades 4 e 5 e 6. A superación de cada exame acádase cunha nota numérica de 5 o superior .A puntuación do exames será a seguinte:

PARTE TEÓRICA: Preguntas valoradas con 5 puntos que poderán ser: tipo test, de resposta única, (sen penalización das respostas en branco e respostas incorrectas) , definicións breves, etc.

PARTE PRACTICA: Preguntas valoradas con 5 puntos.

PONDERACIÓN:TEORÍA-50%,PRACTICA-50%

A nota de avaliación formaríase coa nota media dos exames realizados esixindo un mínimo dun 4 en cada un. Así se un alumno obtivo no primeiro examen un 0 e no segundo un 7 non cumpriría a condición esixida tendo unha nota de avaliación de 4 e tendo que recuperar a parte non superada.Sen embargo, un alumno con nota de 4 nun e 6 noutro teríao superado con nota de 5.

A ponderación dos exames na nota de avaliación será dun 80%.

Á nota obtida nos exames(cumprindo o requisito sinalado) engadirase a:

B)Valoranse as actividades de participación do alumno nas actividades diarias(exercicios, resolución de problemas,...) de xeito que a corrección voluntaria dos mesmos supón unha nota de 0,10 a engadir a nota da avaliación fixando un máximo de 1 punto neste concepto.

C)A realización de traballos e tarefas propostos polo profesor na Aula Virtual será voluntaria por parte do alumnado. Ditos traballos e tarefas versarán sobre contidos tratados no módulo e terán unha valoración máxima de 1 punto.A valoración será recollida nunha táboa na que se reflectirán dictos aspectos así como a puntuación final otorgada a cada alumno.

A ponderación da participación do alumnado e dos traballos realizados será dun 20% na nota de avaliación.

A nota da 1ª avaliación parcial do módulo formarase do seguinte xeito: notas dos exames(primeiro e segundo, sempre que se cumpra o requisito de que cada un supere o 4)+ notas das saídas ao encerado para corrixir exercicios ou participación en actividades + nota dos traballos e tarefas voluntarios.A nota máxima será de 10 e os excesos á mesma non serán tidos en conta.A nota de avaliación non poderá ter decimais. Por exemplo un/a alumno/a que obtivese un 6 no primeiro exame e un 5 no segundo cumpriría o requisito esixido (mínimo de 4) e tería unha nota neste apartado de 5,5 que ponderaría un 80% na nota de avaliación, isto é ,4,40(apartado A). Se saíse a corrixir axeitadamente exercicios ao encerado tres veces acadaría: 0,30 puntos no apartado B(0,10 por cada un cun máximo de 1 punto) e se realizase un traballo que se propuxese e se valorara con 0,5 tería neste apartado C: 0,5 co que o total dos dous apartados sería de 0,80 puntos. A nota de avaliación sería $4,40+0,80=5,20$, 5 (non se teñen en conta os decimais).

A segunda avaliación terá tamén dous exames de similares características aos descritos anteriormente.O primeiro comprenderá as unidades didácticas 7, 8 e 9 e o segundo as unidades 10 e 11.O formato será semellante ao explicado anteriormente na primeira avaliación sendo tamén aplicabéis todo o dito antes sobre as actividades de participación e traballos.

A nota de avaliación formarase de igual xeito lembrando o establecido no artigo 26 da Orde citada que dí que a cualificación dos módulos profesionais será numérica ,entre un e dez , sen decimais e se consideran positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos.A valoración dos exames será semellante ao establecido para a primeira avaliación.

Nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na segunda avaliación parcial e formaríase do seguinte xeito:a nota numérica da 1ª avaliación +a nota numérica da 2ª avaliación .A suma divídese entre 2 e redondearase a nota, se ten decimais, coa valoración global do profesor sobre a disposición do alumnado , interese na aprendizaxe..etc.Se seguindo o exemplo visto anteriormente ,un/a alumno/a tivese un 5 na primeira avaliación e un 7 na segunda a nota sería de 6.

Procedemento e criterios de recuperación

En cada sesión parcial de avaliación realizárase un exame de recuperación para os alumnos que non acadasen resultados positivos. O exame terá as mesmas características que os de cada avaliación con contidos teóricos e prácticos, so que agora se realizarán nun mesmo día. Os alumnos/as terán que realizar a recuperación daquelas partes nas que non tiveran o mínimo de 4 (pode ser o primeiro exame, o segundo ou ben os dous). No caso de ter só unha parte, gárdase a nota da outra para conformar a nota da avaliación. Os resultados acadados serán valorados consoante a seguinte escala: de 4,5 a 5,5 se lle dará nota de 5, de 5,5 a 6,5 nota de 6, de 6,5 a 7,5 de 7, de 7,5 a 8,5 de 8, de 8,5 a 9,5 de 9 e a partir de 9,5 un 10. Teranse en conta as puntuacións das saídas ao encerado e dos traballos realizados. Por exemplo, se un alumno no primeiro exame obtívese unha nota de 2, e no segundo exame tivérase nota de 6 tería que recuperar o primeiro exame. Se no exame de recuperación tivérase unha nota de 7 a nota da recuperación sería: $(7 + 6)/2 = 6,5$ que pondera un 80% e daría un 5,20. A esta engadíranse as saídas que realizara ao encerado e a nota do traballo. Supoñamos que tivérase só unha saída (0,10) e non realizárase ningún traballo, a nota de 0,10. A nota da recuperación sería $5,20 + 0,10 = 5,30$ e a nota (entre 4,5 e 5,5) sería de 5. No caso de que un alumno tivérase aprobados os exames, pero non acadase un mínimo dun 5 porque non tivérase puntuación suficiente das tarefas e traballos realizados deberá recuperar só esta última parte indicándolle o profesor os exercicios e tarefas que debería realizar. Por exemplo: un alumno ten unha nota de 5 no primeiro exame e 5 no segundo, a nota media é 5 que ponderado ao 80% dá un 4. Se non tivérase puntuación polas tarefas, exercicios e traballos a nota de avaliación sería 4 e debería entregar os exercicios e tarefas que lle indique o profesor para poder superar a avaliación. A nota da avaliación final será a suma das notas acadadas en cada avaliación dividida por 2 redondeando a nota tendo en conta a participación, asistencia do alumnado,....

Os alumnos con algunha avaliación parcial non superada e que teñan polo tanto algunha avaliación non superada terán que recuperar os exames finais a celebrar no último mes de clase nos que se aplicará a escala que vimos anteriormente e a nota final se conformará de xeito semellante ao explicado.

Os alumnos que inda así non superen o módulo deberán matricularse no mesmo no vindeiro curso e programaranse coa debida antelación as correspondentes actividades de recuperación que basicamente consistirán en repasar as unidades didácticas e realizar os exercicios das mesmas.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os/as alumnos/as con materias pendentes terán dereito a exames de recuperación que neste curso 2025-26 terán lugar na última semana de xaneiro de 2026. Desde comezo do curso en setembro de 2025 ata a data de realización de ditos exames o profesor:

- a) Poñeráse en contacto cos/as alumnos/as que se atopen en ditas circunstancias e establecerá un calendario de seguimento principalmente a través da Aula Virtual
- b) En dito calendario propondrá actividades de repaso, principalmente de carácter práctico, e aportará as solucións as mesmas
- d) Resolverá cantas dúbidas podan xurdir, sobre todo nos días previos a realización da proba.

Dada a extensión da materia poderase establecer un calendario de probas parciais para liberar contidos co fin de que o alumno non teña que realizar unha proba final teórica e práctica en xaneiro excesivamente longa. Así, antes das vacacións de Nadal, poderíase realizar unha proba teórica e práctica sobre os contidos da Primeira Avaliación e deixárase o resto para os exames que terían lugar en xaneiro de 2026.

As probas terán a mesma estrutura que as probas fixadas ao longo do curso para os alumnos do módulo e de igual xeito se poderán realizar actividades e cuestionarios voluntariamente resoltdos polo alumnado coa valoración establecida no punto 6.1 desta programación.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Os alumnos que superen (tendo en conta os motivos laborais e persoais) o 10% de faltas de asistencia ao módulo, perderán o dereito de avaliación continua. Poderán seguir asistindo as clases do módulo e tamén aos exames inda que estes non serán valorados polo profesor da materia.

Para superar o módulo, no mes de finalización das clases publicaranse no taboeiro de anuncios as datas dos exames que respetarán as características das exames por avaliacións parciais, se ben incluíndo todas as unidades didácticas das unidades formativas ponderando nun 50% os contidos teóricos e un 50% os prácticos. Superarase cunha nota mínima de 5 sendo necesario acadar unha nota de 2 en cada parte (teórica e práctica). ..Se un alumno ten avaliacións parciais satisfactorias e perde o dereito posteriormente por atoparse nalgunha das seguintes situacións extraordinarias: enfermidade ou accidente propios ou de familiares, asistencia e coidados destes, relación laboral con contrato, ou calquera outra de suficiente gravidade, estes contidos superados non se incluírán na proba final. Neste caso, a cualificación do módulo sería promediada do xeito habitual.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Para posibilitar a consecución por parte de todos os alumnos dos mínimos reflectidos na programación, propóñense as seguintes medidas:

Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran

Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo

A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.

Diseñaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que non son capaces de seguir o ritmo normal da clase

Propoñeranse actividades que permitan profundizar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.

Seguimento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación inicial

Programación da educación en valores.

Se tratarán os seguintes temas transversais, reflectidos no Decreto 86/2015. Artigo 4:

Igualdade de dereitos no mundo do traballo.

Respeto ao medio ambiente.

Defensa dos consumidores

Respeto dos valores democráticos

Responsabilidade social das empresas.

Fomento do consumo responsable.

As actuacións concretas para incorporar os temas transversais serán:

Descubrir a presenza dos temas transversais no conxunto dos elementos do currículo do módulo.

Aproveitar a celebración dos días conmemorativos que se relacionan con estes temas transversais, para a realización de actividades.

Actividades complementarias e extraescolares.

O mes de setembro de 2025 realizarase unha reunión de Departamento co fin de elaborar o Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares do Centro. Nesta reunión recolleranse as actividades propostas polos profesores dos distintos módulos, as datas previstas das mesmas, o/s curso/s implicados, o profesorado responsable e as áreas/materias/módulos implicados. Unha vez elaborado entregarase ao Coordinador (a Subdirectora) para sometelo a aprobación do Consello Escolar e incorporalo á PXA ou Programación Xeral Anual do Centro.

No caso do módulo que nos ocupa: Xestión dun Pequeno Comercio non se proporán actividades complementarias nin extraescolares agás as que podan xurdir no seu momento e se consideren de gran interese para o alumnado debido á premura do tempo (o curso remata o 2 de marzo de 2026) e a extensión dos contidos a tratar.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación farase en www.edu.xunta.es/proens, dando conta mensualmente nas reunións do equipo docente. No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente.

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais realizarase a avaliación final da programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesor, que anotará as observacións nun impreso que recolla todos os apartados da programación que estime deben ser tidas en conta.

Por outra banda a observación do alumnado e a realización de actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa do alumno. O obxectivo será avaliar:

A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material ou da carpeta de traballo.

Asistencia e comportamento

Coñecementos e formación anterior.

Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas: reforzo educativo de tipo curricular e adaptación de recursos e materiais

Outros apartados.

1. Consulta da programación

Unha copia desta programación quedará na xefatura de estudos do centro a disposición de todo o alumnado que desexe consultala